



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



IES CANIDO

Rúa Navegantes, s/n
 15401 FERROL (A Coruña)
 CIF: Q-6555268-I
 Tfno.: 981.352.763 Fax: 981.369.097
 Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iescanido>
 E-mail: ies.canido@edu.xunta.es

IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Materia	Tecnoloxías da información e da comunicación	Nivel	4º ESO
Profesor/a	María José López López/María Jesús Rouco Estévez	Curso	2022-23

OBXECTIVOS E CONTIDOS

	OBXECTIVOS	CONTIDOS
1ª Av	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer os compoñentes básicos dun computador - Comprender as funcións dun sistema operativo e manexar con soltura as principais ferramentas e opcións de configuración dos sistemas operativos - Distinguir os distintos tipos de conexións entre dispositivos - Manexar as aplicacións en rede e adoptar as condutas de seguridade 	<ul style="list-style-type: none"> - Compoñentes básicos dun computador - Definición de sistema operativo. Contorno de traballo, manexo e principais utilidades - Redes Informáticas. Tipos de redes. Topoloxías básicas. - Conexións de rede. - Ferramentas e configuración para compartir carpetas, ficheiros e dispositivos. - Seguridade activa e pasiva en sistemas informáticos
	OBXECTIVOS	CONTIDOS
2ª Av	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar os beneficios da sociedade da información e coñecer os perigos do mal uso das novas tecnoloxías - Utilizar políticas de seguridade no uso de contrasinais - Protexer os datos e evitar as posibilidades de fraude na rede - Respetar a propiedade. - Fomentar o uso de software legal 	<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Uso da Internet no mundo e en España - Consellos de privacidade e suplantación de identidade - Contrasinais seguras. Identidade dixital e fraude na rede - Propiedade e intercambio de información. Tipos de licencias de software. Acceso a recursos na rede - Procesador de texto. Inserción de elementos no texto. Táboas

	<ul style="list-style-type: none"> - Crear documentos de textos .Elaborar follas de cálculo para procesar e mostrar información numérica. Crear bases de datos e realizar presentacións - Manexar as funcións principais dos programas de tratamento dixital da imaxe fixa e coñecer os distintos formatos de almacenaxe. - Recoñecer as propiedades dos ficheiros de imaxe vectorial, as súas aplicacións e os elementos básicos de deseño gráfico 	<ul style="list-style-type: none"> - A folla de cálculo. Operacións. Gráficos - Base de datos. Formularios. Consultas e informes. - Presentacións - Tratamento básico da imaxe dixital con software libre. Os formatos básicos e a súa aplicación. - Ferramentas básicas do tratamento da imaxe dixital. O traballo con capas e os efectos artísticos. - Elementos, trazados e figuras xeométricas fundamentais no deseño por ordenador.
	OBXECTIVOS	CONTIDOS
3ª Av	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as principais características do audio dixital e os distintos formatos ou tipos de ficheiros existentes. - Comprender e manexar ferramentas do vídeo dixital e os distintos tipos de formato existentes - Integrar a información textual, numérica e gráfica para elaborar contidos propios e publicalos na Web. - Utilizar medios web que posibiliten a interacción cos usuarios e formatos que permitan a inclusión de elementos multimedia. - Buscar e seleccionar recursos dispoñibles na Rede para os incorporar ás súas propias producións. - Coñecer e valorar o sentido e a repercusión social das diversas maneiras de compartir os contidos publicados na Web e aplicarlas cando se difundan as producións propias. - Comprender o funcionamento de Internet e valorar a repercusión social da súa utilización. - Utilizar os servizos da Web 2.0 que permiten interaccionar co usuario e realizar numerosas tarefas con independencia 	<ul style="list-style-type: none"> - Características e formatos do son dixital. - Edición de audio e efectos de son. - Características e formatos do vídeo dixital. - Edición de vídeo dixital e montaxe de audio e vídeo para a creación de contidos multimedia. - Funcionamento da World Wide Web. - Creación e publicación na Web. - HTML, a linguaxe estándar. Nocións básicas. - Nocións básicas de deseño dunha páxina web.Creación de páxinas con editores web.Xestores de contidos e publicación de páxinas web - Qué é Internet e evolución de Internet - Utilización das comunidades virtuais:Correo electrónico,chat, mensaxaría instantánea, foros, blogs, páxinas wiki - Redes sociais: Facebook, Twitter, LinkedIn,... - Outras redes: Instagram, Pinterest, Snapchat

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE e MÍNIMOS ESIXIBLES

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª Av	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar e configurar equipos informáticos - Instalar e desinstalar software de propósito xeral - Coñecer a arquitectura dun computador - Coñecer a definición e principais funcións dos sistemas operativos. - Realizar tarefas sinxelas de instalación e configuración dos sistemas operativos - Coñecer a definición e principais tipos de redes informáticas e realizar tarefas sinxelas de instalación e configuración - Coñecer o procedemento de conexión e compartición de ficheiros, carpetas e periféricos en rede. - Diferenciar os distintos tipos de ameazas informáticas.. - Explicar distintas técnicas de seguridade activa e pasiva. 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles - Configura elementos básicos do sistema - Describe as diferentes formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais - Diferencia os distintos elementos que forman parte dunha conexión de rede - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección axeitados - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer a definición e principais funcións dos sistemas operativos. - Realizar tarefas sinxelas de instalación e configuración - Coñecer a definición e principais tipos de redes informáticas. - Diferenciar os dispositivos de hardware que forman parte das redes locais e compartir ficheiros, carpetas e periféricos en rede. - Diferenciar os distintos tipos de ameazas informáticas.
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN		MÍNIMOS ESIXIBLES
2ª Av	<ul style="list-style-type: none"> - Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede 	<ul style="list-style-type: none"> - Interactúa con hábitos axeitados en contornos virtuais - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais 	<ul style="list-style-type: none"> - Realizar documentos ofimáticos - Recoñecer os principais formatos de ficheiros de fotografía dixital, a súa

	<ul style="list-style-type: none"> - Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable - Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web - Manexar con soltura software de creación de documentos. - Recoñecer os principais formatos de ficheiros de fotografía dixital, a súa extensión e as súas características. - Manexar con soltura as ferramentas básicas de edición de fotografía dixital 	<ul style="list-style-type: none"> - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución - Elabora e maqueta documentos de texto Produce informes que requiran folla de cálculo e integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións - Elaborar contidos de imaxe e desenvolver capacidades para integrais en diversas producións - Elaborar gráficos vectoriais sinxelos e desenvolver capacidades para integrais en diversas producións 	<p>extensión e as súas características.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manexar as ferramentas básicas de edición de fotografía dixital.
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES
3ªAv	<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciar os distintos formatos de ficheiros de audio e vídeo e manexar ferramentas básicas de edición de son e vídeo - Coñecer a terminoloxía básica e o funcionamento da World Wide Web. - Manexar con soltura software sinxelo de edición web, publicar contidos e xestionar un sitio web - Coñecer a terminoloxía básica e o funcionamento de Internet - Definir que é unha comunidade virtual, 	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar contidos de son e vídeo dixital e desenvolver capacidades para integrais en diversas producións - Deseña paxinas web e coñece os protocolos de publicación - Interactúa con hábitos axeitados en entornas virtuais - Deseña foros, blogs, wikis e participa nos servizos da web 2.0 - Participa en redes sociais con criterios de seguridade e privacidade 	<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciar os distintos formatos de ficheiros de audio e vídeo e manexar ferramentas básicas de edición de son e vídeo - Manexar as ferramentas básicas de captura, edición e produción multimedia. - Coñecer a terminoloxía básica e o funcionamento da World Wide Web.

	crear e xestionar un foro, unha páxina wiki ...		- Manexar o software sinxelo de edición web.
--	---	--	--

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN e CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- as probas que se propoñan (50%), (a nota desta parte calcularase facendo a media de todas as probas feitas).
- os exercicios que se vaian realizando diariamente (40%)
- a predisposición ao traballo e participación na aula (10%).

No caso de non realizar ningunha proba teranse en conta:

- os exercicios que se vaian realizando diariamente (80%)
- a predisposición ao traballo e participación na aula (20%)

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

Por todo isto, aplicaránse os seguintes criterios de cualificación :

a) En caso de ter superada a materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado recibirá actividades de ampliación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria:

- Nota media das tres avaliacións : 95%
- Actividades de ampliación: 5%

b) En caso de non ter acadados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado realizará actividades de recuperación e exame de recuperación das partes non superadas (cos contidos das unidades correspondentes a esas avaliacións), que serán valorados da seguinte forma:

- Actividades de recuperación: 10 %
- Exame de recuperación : 90%

Para calcular a cualificación definitiva da avaliación ordinaria farase unha media da nota calculada anteriormente (actividades e exame de recuperación) coas notas acadadas nas avaliacións superadas.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A materia de Tecnoloxías da información e da comunicación que se traballa dunha forma moi práctica permite facer un seguimento permanente do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, de tal maneira que a análise do traballo diario serve como instrumento de avaliación. Teranse en conta as probas, escritas ou dixitais, as prácticas e traballos e as exposicións orais

Realizárase unha observación sistemática e un seguimento directo das actividades que se realicen na aula. Tamén pódense realizar algunhas probas escritas sobre determinados contidos.